



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 581

VIII legislatura

16 de novembro de 2011

Fascículo 2

## SUMARIO

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

### 1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.2.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 15 de novembro de 2011, polo que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do deporte de Galicia [08/PL-0037(72736)] [167878](#)

### 3. Procedementos de control e impulso

#### 3.6. Proposicións non de lei

##### 3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

- 08/PNP-1451 (73294)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bouza Santiago, Ana Luisa  
Sobre o mantemento do actual sistema de dispensación de material ortoprotésico [167883](#)

- 08/PNP-1452(73296)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bouza Santiago, Ana Luisa  
Sobre a elaboración dun calendario anual de quendas para cada punto de atención continuada homologando as súas condicións de traballo, e o desenvolvemento do previsto na Orde do 4 de xuño de 2008, referida á ordenación e provisión de postos, así como ás condicións de traballo na atención primaria [167886](#)

- 08/PNP-1456(73453)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Rodríguez Arias, Marta e 7 deputados máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a normativa legal vixente en materia de accesibilidade [167889](#)

- 08/PNP-1457(73464)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Viúdez Alonso, Henrique e Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre a convocatoria da Mesa do sector naval para analizar as repercusións e posibles solucións á situación derivada do rexeitamento pola Unión Europea da proposta alternativa presentada polo Goberno español de arrendamento aplicable na construción naval [167892](#)

- 08/PNP-1458(73490)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 deputados máis

Sobre o inicio polo Goberno galego no exercicio de 2011 da construción dos 51 centros de saúde de atención primaria e 3 CAR incluídos no orzamento do ano 2010 [167894](#)

- 08/PNP-1459(73492)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a derogación da disposición adicional única do Decreto 209/2011, do 27 de outubro, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias [167898](#)

- 08/PNP-1460(73500)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a posta en funcionamento do Centro de Recuperación Integral das Vítimas da Violencia de Xénero antes do remate do mes de marzo de 2012 en Santiago de Compostela e a adopción de medidas para dotar a cidade dalgún tipo de centro de acollida de carácter asistencial [167900](#)

- 08/PNP-1461(73532)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma e 6 deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto denominado Rutas agroalimentarias de Galicia, co que participa Galicia no proxecto comunitario "Cantata 2" [167902](#)

- 08/PNP-1462(73547)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román e 6 deputados máis

Sobre o desenvolvemento regulamentario da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa [167905](#)

- 08/PNP-1463(73554)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pose Mesura, Modesto e 3 deputados máis

Sobre a supresión da disposición adicional única do Decreto 209/2011, do 27 de outubro, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias [167907](#)

- 08/PNP-1464(73586)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Veira, Pedro Manuel e 6 deputados máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a paralización da tramitación do real decreto que senta o novo marco retributivo da enerxía eólica [167909](#)

## 4. Procedementos de información

### 4.1. Solicitudes de comparecencia

#### 4.1.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

- 08/PPP-0360(73504)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Da Sra. conselleira de Sanidade, para que informe sobre o significado da disposición adicional única do Decreto 209/2011, do 27 de outubro, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias [167911](#)

- 08/PPP-0361(73681)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para informar da situación da planificación urbanística en Galicia e da posición do Goberno galego en relación co impulso dunha nova normativa reguladora de consenso que repercute na axilización dos planeamentos municipais [167913](#)

### 4.2. Interpelacións

- 08/INT-1023 (73475)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a posibilidade de establecer un procedemento para repercutir nos usuarios os gastos ocasionados polo uso irresponsable das prestacións asistenciais do sistema público de saúde de Galicia, recollida no Decreto 209/2011, do 27 de outubro [167914](#)

- 08/INT-1028(73559)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre o procedemento de accesibilidade á asistencia sanitaria en función dos recursos económicos ou da situación laboral das per-

soas e as previsións de establecemento dunha taxa pola emisión da tarxeta sanitaria [167918](#)

- 08/INT-1019 (73273)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Gallego Calvar, María Carmen e 3 deputados máis  
Sobre as importacións de residuos asfálticos de posible carácter contaminante [167921](#)

- 08/INT-1021(73286)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Cajide Hervés, María del Carmen e 3 deputados máis  
Sobre as solicitudes recibidas pola Xunta de Galicia nos anos 2010 e 2011 para a percepción da axuda denominada salario da liberdade polas mulleres vítimas de violencia de xénero, e as previsións respecto do seu futuro [167923](#)

- 08/INT-1024(73476)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Viéitez Alonso, Henrique e Branco Parga, Carlos Fernando  
Sobre o nivel de destrución de empresas en Galicia, a súa repercusión no emprego e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto [167925](#)

- 08/INT-1026(73487)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 deputados máis  
Sobre o mantemento polo Goberno galego do compromiso de construción de centros de saúde e CAR na oitava lexislatura [167928](#)

- 08/INT-1027(73494)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 deputados máis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da licitación dos 18 centros de saúde anunciada no "Diario Oficial da Comunidade Europea" para o ano 2012, así como dun novo hospital para Pontevedra e o procedemento que vai seguir nela [167932](#)

### 4.3. Preguntas

#### 4.3.1. Preguntas orais en Pleno

- 08/POP-3066 (73238)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito e Branco Parga, Carlos Fernando  
Sobre o anuncio de abandono por parte da Xunta de Galicia do Padroado da Fundación Fexdega, en Vilagarcía de Arousa [167934](#)

- 08/POP-3067(73249)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Paz Franco, María Tereixa e Suárez Canal, Alfredo  
Sobre a ausencia do delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense o día 18 de setembro de 2011, en plena vaga de incendios forestais, e as competencias específicas que se lle encomendan no Plan de defensa contra incendios forestais para o ano 2011 [167936](#)

- 08/POP-3068(73267)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Acuña do Campo, María Carmen  
Sobre os motivos do incumprimento do convenio asinado pola Secretaría Xeral para o Deporte co Concello de Betanzos para a substitución do pavimento da pista do pavillón polideportivo [167938](#)

- 08/POP-3069(73274)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Gallego Calvar, María Carmen e 3 deputados máis  
Sobre as importacións de residuos asfálticos de posible carácter contaminante [167940](#)

- 08/POP-3070(73282)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pose Mesura, Modesto e 3 deputados máis  
Sobre as razóns existentes para poñer impedimentos no acceso das persoas sen recursos á asistencia sanitaria [167942](#)

- 08/POP-3071(73284)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pose Mesura, Modesto e 3 deputados máis  
Sobre a relación de centros de saúde que se están a construír en Galicia [167944](#)

- 08/POP-3072(73287)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Cajide Hervés, María del Carmen e 3 deputados máis  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do futuro das axudas denominadas salario da liberdade para as mulleres vítimas de violencia de xénero [167945](#)

- 08/POP-3073(73297)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Branco Parga, Carlos Fernando  
Sobre os motivos do nivel de baixada da industria de Galicia no Índice de Produción Industrial do Estado, segundo os datos publicados o 4 de novembro de 2011 polo Instituto Estatal de Estatística [167947](#)

- 08/POP-3078(73454)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e 6 deputados máis

Sobre a incidencia do novo Mapa de infraestruturas sociais de atención residencial na mellora da atención ás persoas con dependencia en Galicia [167949](#)

- 08/POP-3079(73466)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique e Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre as razóns do Goberno galego para demorar a convocatoria da Mesa do sector naval e a todos os seus integrantes para analizar a situación derivada do rexeitamento pola Unión Europea da proposta alternativa presentada polo Goberno español de arrendamento aplicable na construción naval [167951](#)

- 08/POP-3080 (73480)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a avaliación pola Xunta de Galicia do impacto do recorte das axudas destinadas ás mulleres vítimas de violencia de xénero [167953](#)

- 08/POP-3081 (73489)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 deputados máis

Sobre o mantemento polo Goberno galego do compromiso de construción na oitava lexislatura dos 51 centros de saúde de atención primaria e 3 CAR incluídos no orzamento do ano 2010 [167955](#)

- 08/POP-3082 (73495)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 deputados máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da licitación polo procedemento de financiamento público-privado no ano 2012 de 18 centros de saúde e dun novo hospital para Pontevedra [167958](#)

- 08/POP-3083 (73497)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Tojo Ramallo, Luis María

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do futuro da denominada Casa da Xuventude en Santiago de Compostela [167950](#)

- 08/POP-3084(73522)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Suárez Canal, Alfredo

Sobre os motivos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para non cubrir con profesores substitutos os permisos laborais do profesorado galego que participa nas eleccións xerais do 20 de novembro de 2011 [167962](#)

- 08/POP-3086(73556)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pose Mesura, Modesto e 3 deputados máis

Sobre o amparo legal ou sustento normativo existente para levar a efecto a repercusión nos usuarios dos gastos ocasionados polo uso irresponsable das prestacións asistenciais do sistema público de saúde de Galicia, recollidas no Decreto 209/2011, do 27 de outubro [167964](#)

- 08/POP-3088(73588)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Veira, Pedro Manuel e 6 deputados máis

Sobre o grao de incidencia do incremento orzamentario destinado á internacionalización empresarial na economía produtiva de Galicia [167966](#)

### 4.3.1.1. Preguntas urxentes

- 08/POP-3087 (73569)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 6 deputados máis

Sobre as razóns da demora no asinamento dos convenios entre a Consellería de Sanidade e o Ministerio de Ciencia e Innovación anunciados no mes de xullo de 2011 para posibilitar, entre outras actuacións, a reforma do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (art. 155.5) [167968](#)

- 08/POP-3093(73722)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pose Mesura, Modesto

Sobre as razóns existentes para poñer impedimentos no acceso das persoas sen recursos á asistencia sanitaria (art. 155.5) [167970](#)

### 4.3.1.2. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

- 08/POPX-0092 (73726)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre o balance que realiza a Xunta de Galicia das relacións co Estado español [167971](#)

- 08/POPX-0093(73727)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a valoración do Sr.presidente da Xunta de Galicia da defensa  
dos servizos públicos

[167972](#)

---

**1. Procedementos de natureza normativa****1.2. Proxectos e proposicións de lei****1.2.1. Proxectos de lei**

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 15 de novembro de 2011, polo que se prorroga o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do deporte de Galicia [08/PL-0037(72736)]**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 73732, o escrito do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego polo que se solicita a prórroga do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do deporte de Galicia [08/PL-0037(72736)]

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1.º) Prorrogar o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do deporte de Galicia ata o día 29 de novembro de 2011, ás 18.30 hs.

2.º) Dar traslado á Xunta de Portavoces.

3.º) Notificarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

4.º) Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2011

Pilar Rojo Noguera  
Presidenta

A Mesa do Parlamento, na reunión do 15 de novembro de 2011, adoptou os seguintes acordos

**3. Procedementos de control e impulso****3.6. Proposicións non de lei****3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno****Admisión a trámite e publicación**

- 08/PNP-1451 (73294)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre o mantemento do actual sistema de dispensación de material ortoprotésico

- 08/PNP-1452(73296)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a elaboración dun calendario anual de quendas para cada punto de atención continuada homologando as súas condicións de traballo, e o desenvolvemento do previsto na Orde do 4 de xuño de 2008, referida á ordenación e provisión de postos, así como ás condicións de traballo na atención primaria

- 08/PNP-1456(73453)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Rodríguez Arias, Marta e 7 deputados máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a normativa legal vixente en materia de accesibilidade

- 08/PNP-1457(73464)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Viéitez Alonso, Henrique e Branco Parga, Carlos Fernando  
Sobre a convocatoria da Mesa do sector naval para analizar as repercusións e posibles solucións á situación derivada do rexeitamento pola Unión Europea da proposta alternativa presentada polo Goberno español de arrendamento aplicable na construción naval

- 08/PNP-1458(73490)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 deputados máis  
Sobre o inicio polo Goberno galego no exercicio de 2011 da construción dos 51 centros de saúde de atención primaria e 3 CAR incluídos no orzamento do ano 2010

- 08/PNP-1459(73492)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bouza Santiago, Ana Luisa  
Sobre a derogación da disposición adicional única do Decreto 209/2011, do 27 de outubro, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias

- 08/PNP-1460(73500)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre a posta en funcionamento do Centro de Recuperación Integral das Vítimas da Violencia de Xénero antes do remate do mes de marzo de 2012 en Santiago de Compostela e a adopción de medidas para dotar a cidade dalgún tipo de centro de acollida de carácter asistencial

- 08/PNP-1461(73532)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Álvarez Chao, María Emma e 6 deputados máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto denominado Rutas agroalimentarias de Galicia, co que participa Galicia no proxecto comunitario "Cantata 2"

- 08/PNP-1462(73547)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Rodríguez González, Román e 6 deputados máis  
Sobre o desenvolvemento regulamentario da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa

- 08/PNP-1463(73554)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pose Mesura, Modesto e 3 deputados máis  
Sobre a supresión da disposición adicional única do Decreto 209/2011, do 27 de outubro, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias

- 08/PNP-1464(73586)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Arias Veira, Pedro Manuel e 6 deputados máis  
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a paralización da tramitación do real decreto que senta o novo marco retributivo da enerxía eólica

## 4. Procedementos de información

### 4.1. Solicitudes de comparecencia

#### 4.1.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

##### Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 08/PPP-0360(73504)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Da Sra. conselleira de Sanidade, para que informe sobre o significado da disposición adicional única do Decreto 209/2011, do 27 de outubro, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias

- 08/PPP-0361(73681)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para informar da situación da planificación urbanística en Galicia e da posición do Goberno galego en relación co impulso dunha nova normativa reguladora de consenso que repercute na axilización dos planeamentos municipais

## 4.2. Interpelacións

### Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 08/INT-1023 (73475)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Sobre a posibilidade de establecer un procedemento para repercutir nos usuarios os gastos ocasionados polo uso irresponsable das prestacións asistenciais do sistema público de saúde de Galicia, recollida no Decreto 209/2011, do 27 de outubro

- 08/INT-1028(73559)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Sobre o procedemento de accesibilidade á asistencia sanitaria en función dos recursos económicos ou da situación laboral das persoas e as previsións de establecemento dunha taxa pola emisión da tarxeta sanitaria

### Admisión a trámite e publicación

- 08/INT-1019 (73273)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Gallego Calvar, María Carmen e 3 deputados máis  
Sobre as importacións de residuos asfálticos de posible carácter contaminante

- 08/INT-1021(73286)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Cajide Hervés, María del Carmen e 3 deputados máis  
Sobre as solicitudes recibidas pola Xunta de Galicia nos anos 2010 e 2011 para a percepción da axuda denominada salario da liberdade polas mulleres vítimas de violencia de xénero, e as previsións respecto do seu futuro

- 08/INT-1024(73476)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Viéitez Alonso, Henrique e Branco Parga, Carlos Fernando  
Sobre o nivel de destrución de empresas en Galicia, a súa repercusión no emprego e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto

- 08/INT-1026(73487)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 deputados máis  
Sobre o mantemento polo Goberno galego do compromiso de construción de centros de saúde e CAR na oitava lexislatura

- 08/INT-1027(73494)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 deputados máis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da licitación dos 18 centros de saúde anunciada no "Diario Oficial da Comunidade Europea" para o ano 2012, así como dun novo hospital para Pontevedra e o procedemento que vai seguir nela

### 4.3. Preguntas

#### 4.3.1. Preguntas orais en Pleno

##### Admisión a trámite e publicación

- 08/POP-3066 (73238)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito e Branco Parga, Carlos Fernando  
Sobre o anuncio de abandono por parte da Xunta de Galicia do Padroado da Fundación Fexdega, en Vilagarcía de Arousa

- 08/POP-3067(73249)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Paz Franco, María Tereixa e Suárez Canal, Alfredo  
Sobre a ausencia do delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense o día 18 de setembro de 2011, en plena vaga de

incendios forestais, e as competencias específicas que se lle encomendan no Plan de defensa contra incendios forestais para o ano 2011

- 08/POP-3068(73267)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Acuña do Campo, María Carmen  
Sobre os motivos do incumprimento do convenio asinado pola Secretaría Xeral para o Deporte co Concello de Betanzos para a substitución do pavimento da pista do pavillón polideportivo

- 08/POP-3069(73274)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Gallego Calvar, María Carmen e 3 deputados máis  
Sobre as importacións de residuos asfálticos de posible carácter contaminante

- 08/POP-3070(73282)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pose Mesura, Modesto e 3 deputados máis  
Sobre as razóns existentes para poñer impedimentos no acceso das persoas sen recursos á asistencia sanitaria

- 08/POP-3071(73284)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pose Mesura, Modesto e 3 deputados máis  
Sobre a relación de centros de saúde que se están a construír en Galicia

- 08/POP-3072(73287)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Cajide Hervés, María del Carmen e 3 deputados máis  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do futuro das axudas denominadas salario da liberdade para as mulleres vítimas de violencia de xénero

- 08/POP-3073(73297)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Branco Parga, Carlos Fernando  
Sobre os motivos do nivel de baixada da industria de Galicia no Índice de Producción Industrial do Estado, segundo os datos publicados o 4 de novembro de 2011 polo Instituto Estatal de Estatística

- 08/POP-3078(73454)



Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Rodríguez Arias, Marta e 6 deputados máis  
Sobre a incidencia do novo Mapa de infraestruturas sociais de atención residencial na mellora da atención ás persoas con dependencia en Galicia

- 08/POP-3079(73466)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Viéitez Alonso, Henrique e Branco Parga, Carlos Fernando  
Sobre as razóns do Goberno galego para demorar a convocatoria da Mesa do sector naval e a todos os seus integrantes para analizar a situación derivada do rexeitamento pola Unión Europea da proposta alternativa presentada polo Goberno español de arrendamento aplicable na construción naval

- 08/POP-3080(73480)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre a avaliación pola Xunta de Galicia do impacto do recorte das axudas destinadas ás mulleres vítimas de violencia de xénero

- 08/POP-3081(73489)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 deputados máis  
Sobre o mantemento polo Goberno galego do compromiso de construción na oitava lexislatura dos 51 centros de saúde de atención primaria e 3 CAR incluídos no orzamento do ano 2010

- 08/POP-3082(73495)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 deputados máis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da licitación polo procedemento de financiamento público-privado no ano 2012 de 18 centros de saúde e dun novo hospital para Pontevedra

- 08/POP-3083(73497)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Tojo Ramallo, Luis María  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do futuro da denominada Casa da Xuventude en Santiago de Compostela

- 08/POP-3084(73522)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Suárez Canal, Alfredo  
Sobre os motivos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para non cubrir con profesores substitutos os permisos laborais do profesorado galego que participa nas eleccións xerais do 20 de novembro de 2011

- 08/POP-3086(73556)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pose Mesura, Modesto e 3 deputados máis  
Sobre o amparo legal ou sustento normativo existente para levar a efecto a repercusión nos usuarios dos gastos ocasionados polo uso irresponsable das prestacións asistenciais do sistema público de saúde de Galicia, recollidas no Decreto 209/2011, do 27 de outubro

- 08/POP-3088(73588)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Arias Veira, Pedro Manuel e 6 deputados máis  
Sobre o grao de incidencia do incremento orzamentario destinado á internacionalización empresarial na economía produtiva de Galicia

#### 4.3.1.1. Preguntas urxentes

##### **Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación**

- 08/POP-3087 (73569)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Santalices Vieira, Miguel Ángel e 6 deputados máis  
Sobre as razóns da demora no asinamento dos convenios entre a Consellería de Sanidade e o Ministerio de Ciencia e Innovación anunciados no mes de xullo de 2011 para posibilitar, entre outras actuacións, a reforma do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (art. 155.5)

- 08/POP-3093(73722)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pose Mesura, Modesto  
Sobre as razóns existentes para poñer impedimentos no acceso das persoas sen recursos á asistencia sanitaria (art. 155.5)

#### 4.3.1.2. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

##### **Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación**

- 08/POPX-0092 (73726)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre o balance que realiza a Xunta de Galicia das relacións  
co Estado español

- 08/POPX-0093(73727)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a valoración do Sr.presidente da Xunta de Galicia da  
defensa dos servizos públicos

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2011

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Ana Luisa Bouza Santiago** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

A prestación ortoprotésica forma parte do catálogo de prestacións do SNS. En Galiza é competencia da Xunta dende a transferencia da sanidade. As condicións en que se prestaba inicialmente non eran equitativas para a poboación galega e foron homologadas por vez primeira no ano 2000. Tamén existe un catálogo galego que mellora o mínimo estatal da cobertura protésica que financia total ou parcialmente a sanidade pública galega.

Poder acceder a unha prótese sen diferenzas pola situación económica é unha garantía de xustiza social imprescindible en momentos de crise como os que estamos a vivir. Máis, cando o acceso a unha prótese pode supoñer a diferenza de ter unha vida autónoma a non tela.

O sistema adoptado en Galiza para esta cobertura favorece especialmente a equidade; organízase a través dun convenio de colaboración entre o SERGAS e as Asociacións que dispensan material ortoprotésico, de xeito que cando o persoal facultativo prescribe unha prótese, a/o doente pódese dirixir aos establecementos asinantes que a dispensan con todo o traballo que conleve de adaptación, e facturan directamente ao SERGAS a parte financiada con fondos públicos. Funciona de xeito semellante á farmacia de Atención Primaria, o que supón que, en ningún caso, a/o doente ten que realizar máis desembolso que a porcentaxe de copago indicada para cada prótese.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O convenio asinado en 2006, para dar cobertura a este sistema, engadiu unha adenda en 2010, para pasar as prórrogas previstas cada catro anos a anuais.

Na actualidade, pendentes de coñecer a continuidade do convenio para 2012, existe unha preocupación entre as persoas afectada como doentes e dos establecementos dispensadores pola falta de información ao respecto.

Por este motivo, o Grupo parlamentario do BNG formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a manter o sistema actual de dispensación de material ortoprotésico como garantía de que as/os doentes non terán que realizar mais desembolso que o que conleve a porcentaxe establecida de copago en cada elemento".

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2011.


Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/11/2011 13:08**  
**Nº Rexistro: 73294**  
Data envío: 07/11/2011 13:08:24.445

**Ana Luisa Bouza Santiago na data 07/11/2011 12:44:42**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 07/11/2011 12:44:48**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2011 13:09  
Nº Rexistro: 73296  
Data envío: 07/11/2011 13:09:38.709

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Ana Luisa Bouza Santiago** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O DOG de 16 de xuño de 2008 publicou a orde do 4 de xuño de 2008 que recolle acordos acadados en Mesa Sectorial, sobre provisión e condicións de postos de traballo nos Puntos de Atención Continuada do SERGAS. No seu cumprimento, a OPE de 2008 incorpora prazas para os PAC de persoal facultativo e de enfermería en concurso de traslados, que veñen de ser ocupadas nos últimos meses.

O persoal de enfermería que ocupa estas prazas, estase a asociar e denuncia eivas organizativas que están a dificultar o traballo nos PAC, ademais de supoñer unha discriminación para as traballadoras e traballadores afectados.

Trátase de poder coñecer, con tempo, o calendario de quendas, como sucede noutros servizos do SERGAS que traballan a quendas, trátase de homologar as condicións en que se realiza o traballo en todos os PAC de Galiza. Cuestións de carácter organizativos que mellorarían a calidade do servizo e permitirían ao persoal organizar mellor os seus tempos: conciliar.

Trátase, tamén, de avanzar no calendario previsto na disposición transitoria segunda de aplicación paulatina dos complementos de nocturnidade e festividade paralizado dende 2009.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Para superar estas eivas, e atendendo estas demandas, o Grupo parlamentario do BNG formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a:

1. Elaborar un calendario de quendas anual para cada PAC coas mesmas condicións en todos os PAC de Galiza.
2. Desenvolver o previsto na orde de 4 de Xuño de 2008 pola que se publican determinados acordos sobre a ordenación e provisión de postos de traballo e condicións de traballo e retributivas no ámbito da atención primaria do SERGAS.


Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2011.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago  
Deputada do G.P. do BNG.  
Carlos Aymerich Cano  
Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luisa Bouza Santiago na data 07/11/2011 13:03:45**





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/11/2011 13:09**  
**Nº Rexistro: 73296**  
Data envío: 07/11/2011 13:09:38.709

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 07/11/2011 13:03:49**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa das súas deputadas e deputados, **Marta Rodríguez Arias, Angeles Díaz Pardo, Miguel A. Santalices Vieira, Rosa Oubiña Solla, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Dámaso López Rodríguez, Alberto Sueiro Pastoriza e María Seoane Romero**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de Motivos

O Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia, a través do que se pretende avanzar na consecución da plena participación das persoas con discapacidade na sociedade e na integración das cuestións que mais afectan a este colectivo en todos os ámbitos de acción, considera a accesibilidade universal como un dos seus principios reitores e inclúese unha área específica para garantir o deito á plena participación das persoas con discapacidade.

Gracias aos esforzos realizados polas distintas administracións públicas nos últimos anos e, especificamente, pola Xunta de Galicia trala publicación da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da citada Lei, conseguíuse que un considerable número de edificios de uso público e tamén privado se adaptasen a para o desenvolvemento das persoas con mobilidade reducida.

Pese aos avances realizados, é preciso continuar coas actuacións promotoras da accesibilidade universal; mellorar a normativa existente en materia de accesibilidade e proceder ao seu desenvolvemento e control de aplicación; sensibilizar, dar a coñecer, formar e asesorar en materia de accesibilidade; promover a eliminación das barreiras que limitan o acceso á información e comunicación, aos bens, produtos en igualdade de condicións que o resto da poboación; promover a eliminación de barreiras que limitan o acceso ao contorno físico, medio urbano e transporte das persoas con discapacidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Crear un grupo de traballo mixto de persoal técnico da Administración, entidades de iniciativa social e outros organismos representativos na materia para a modificación da lei de accesibilidade e elaboración de toda a normativa a desenvolver.
- 2.- Revisar a normativa actual específica de accesibilidade e realizar propostas para a súa modificación, que contemplan as esixencias da Convención de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade”.

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2011

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 08/11/2011 16:53:16**

**Marta Rodríguez Arias na data 08/11/2011 16:53:24**

**Maria Angeles Díaz Pardo na data 08/11/2011 16:53:32**



grupo  
parlamentario  
de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/11/2011 16:57  
Nº Rexistro: 73453  
Data envío: 08/11/2011 16:57:12.043

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 08/11/2011 16:53:43**

**Rosa Oubiña Solla na data 08/11/2011 16:53:54**


**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 08/11/2011 16:54:06**

**Dámaso López Rodríguez na data 08/11/2011 16:54:17**

**Alberto Sueiro Pastoriza na data 08/11/2011 16:54:37**

**María Seoane Romero na data 08/11/2011 16:54:43**

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA  
Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 519  
F. 981 551 422  
[gp.parlamentariopopular@parlamentodegalicia.es](mailto:gp.parlamentariopopular@parlamentodegalicia.es)  
[www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es)



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento


**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa dos seus deputados **Henrique Viéitez Alonso e Fernando Branco Parga** e, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**, dirixida ao Goberno galego, relativa a convocatoria da mesa do naval.

Despois de diversos anuncios feitos polo conselleiro de economía e industrial nos que manifestaba a súa intención de convocar a mesa do sector naval para tratar sobre o sistema fiscal aplicado na construción de buques e a situación provocada polo rexeitamento da Unión Europea da proposta alternativa, o Goberno galego aprazou sen data a reunión de dita mesa.

Na súa substitución, convocaba aos membros da mesa do diálogo social que tivo lugar onte e na que excluía a diversas partes representativas que tiñan moito que aportar e implicadas do problema xurdido.

Esta actitude demostra que o verdadeiro interese que perseguía o Goberno galego non era liderar unha proposta galega na que estivesen representadas e integradas todas as partes interesadas en sacar da crise ao sector naval e frear o deterioro desta actividade industrial e, por ende, a destrución de emprego.

Confunde, unha vez máis, o Goberno galego, a responsabilidade de goberno co interese partidario e prolongando a súa liña de actuación baseada na confrontación e na utilización partidaria na campaña electoral no canto da colaboración e no liderado.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Son estas as razóns que nos obrigan a formular a seguinte Proposición non de lei en Pleno dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

**O Parlamento insta ao Goberno galego a convocatoria de todos os integrantes da mesa do sector naval para analizar as repercusións e as posíbeis solucións á situación crítica derivada do rexeitamento pola UE da proposta alternativa ao sistema de arrendamento aplicábel na construción naval presentada polo Goberno do Estado.**

Compostela, 8 de Novembro do 2011

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

**Fernando Branco Parga**

Deputados do G.P. do BNG

**Carlos Aymerich Cano**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Henrique Vieitez Alonso na data 08/11/2011 17:02:18**

**Fernando Branco Parga na data 08/11/2011 17:02:23**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2011 17:02:25**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Xoaquín Fernández Leiceaga, Modesto Pose Mesura e María Carmen Acuña do Campo**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na documentación dos orzamentos 2010, na páxina 319 do tomo II da Memoria correspondente á Consellaría de Sanidade, dentro das “Previsións de investimento realizadas coa colaboración público-privada para a lexislatura”, en relación ao “Plan integral de investimentos no primeiro nivel asistencial”, inclúese unha relación de 54 actuacións correspondentes a 51 centros de saúde de atención primaria e 3 CAR, no Morrazo, Vigo, Lalín, cun importe aproximado de 116 millóns de euros. Notemos que o orzamento estimado por actuación apenas supera os 2,1 millóns de euros.

Das ditas actuacións, 23 serían iniciadas en 2010 e as 31 restantes en 2011.

Nos orzamentos de 2011 a Consellaría de Sanidade modifica estes compromisos e, segundo especifica, comprométese a realizar “investimentos no 2011 en 19 centros de saúde de atención primaria por importe de 47,52 millóns de euros”. Cómpre indicar que non houbera licitacións en 2010 dos 23 centros previstos, polo que xa existía unha reprogramación –un atraso- moi intensa. O orzamento medio das actuacións elévase lixeiramente, ata os 2,5 millóns de euros.

O quince de outubro de 2010, hai agora algo máis dun ano, o DOG publica unha resolución pola que se acordaba someter “a información pública o estudo de viabilidade económico-financiero da concesión de obra pública para a redacción de proxecto técnico, financiamento, construción, conservación e explotación de dezanove centros de atención primaria, incluídos no Plan de modernización de infraestruturas sanitarias 2010-2013 do Servizo Galego de Saúde”, indicando un período de construción de 14 meses, a contar desde





Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

finais de ano (polo tanto, unha previsión de entrada en funcionamento de xaneiro de 2012). O orzamento estimado de construción sería de 60 millóns de euros (xa algo máis de 3,15 millóns de euros por actuación), aínda que o custe estimado para a Administración autonómica polos vinte anos de concesión sería de 173,8 millóns de euros (máis de 9 millóns de euros por actuación, incluíndo o mantemento e conservación pero engadindo os ingresos por explotación).

Doce meses despois nada sabemos. Falta apenas tres para cumprir o prazo indicado e aínda non se dou ningún paso adicional, máis que o anuncio de información previa publicado no DOUE o 7 de abril de 2011 para 18 centros de saúde, en concesión, durante un período de vinte anos, e cun custe, sen IVE, de 197,5 millóns de euros. Se sumamos o IVE teríamos 233 millóns, cun custe medio de case 13 millóns de euros, dos que aproximadamente 10 deben corresponder ao pago por canon de servizos ao longo dos anos (medio millón por ano).

No orzamento de 2012 indícase a intención de rematar o proceso de licitación dos 18 novos centros de saúde cun modelo de colaboración público privado, e proceder á construción de novos centros de saúde, utilizando fórmulas de financiamento tradicionais, dos que só se sinala na provincia de Lugo o de Monterroso e na de Ourense o da Peroxa.

En resume: nos trinta meses transcorridos de goberno do señor Núñez Feijóo non comezou a construción de ningún dos centros de saúde ou CAR comprometidos (54); a fórmula de colaboración público-privada, defendida como un instrumento da aceleración da posta en servizo dos investimentos nun contexto de penuria económica, xogaron xustamente en sentido contrario. E a día de hoxe non existe certeza de que vaia proseguirse por esa vía (de feito non aparece esta actuación no cadro resume dos compromisos de gasto adquiridos pola Xunta de Galicia e anúnciase que non vai haber adquisición de novos compromisos). Pero tampouco aparecen recursos ordinarios dabondo no orzamento 2012 para facer fronte a esas actuacións.



Grupo Parlamentario

Xa sabemos hoxe que o actual presidente da Xunta non vai inaugurar ningún centro de saúde de nova construción nesta lexislatura. E temémonos que os centros iniciados antes de marzo de 2013 estarán substancialmente por baixo dos prometidos.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a iniciar neste exercicio de 2011 a construción dos 54 centros de saúde e CAR incluídos no orzamento do ano 2010.

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2011

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Modesto Pose Mesura  
María Carmen Acuña do Campo  
Deputados e deputada do G.P. Socialista

Asdo: Abel Losada Álvarez  
Portavoz do G.P. Socialista



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2011

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Modesto Pose Mesura  
María Carmen Acuña do Campo  
Deputados e deputada do G.P. Socialista


**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2011 18:41:22**

**Modesto Pose Mesura na data 08/11/2011 18:41:26**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 08/11/2011 18:41:36**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/11/2011 18:41:39**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/11/2011 09:30  
Nº Rexistro: 73492  
Data envío: 08/11/2011 18:48:42.180


## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Ana Luisa Bouza Santiago** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O DOG, do martes 8 de Novembro de 2011, publica o Decreto 209/2011, do 27 de outubro, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias. Na súa Disposición adicional única establece : *“De acordo co establecido nos números 4, 5, 10 e 11 do artigo 15 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, poderá establecerse un procedemento para repercutir nos usuarios os gastos ocasionados por estes como consecuencia do uso irresponsable das prestacións asistenciais do Sistema Público de Saúde de Galicia.”*

Unha nova porta aberta ao copago, logo do decreto do transporte sanitario e a lei de acompañamento dos orzamentos para 2012. Toda esta normativa de privatización ponse en marcha ao tempo que o Goberno galego nega que se estea introducindo o copago na sanidade pública.

Nesta ocasión cunha posibilidade ademais de absoluta discrecionalidade na definición da persoa e os feitos que permitirían esixir copagamento; qué significa uso irresponsábel das prestacións asistenciais? quen o define?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/11/2011 09:30  
Nº Rexistro: 73492  
Data envío: 08/11/2011 18:46:42.180

Para evitar esta discrecionalidade impropia dun marco normativo democrático, o Grupo parlamentar do BNG formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento Galego insta ao Goberno galego á derogación inmediata da Disposición adicional única do decreto 209/2011, do 27 de outubro, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias"

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2011.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago  
Deputada do G.P. do BNG.  
Carlos Aymerich Cano  
Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luisa Bouza Santiago na data 08/11/2011 18:46:03**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 08/11/2011 18:46:07**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa ao incremento de recursos destinados a procurar a recuperación integral das mulleres que sofren violencia de xénero.

A Lei 11/2007, do 27 de Xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero estableceu, no seu artigo 49, a creación do Centro de Recuperación Integral, configurado como centro coordinador da rede galega de acollemento e establecendo que este “desenvolverá un modelo de atención integral, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico”.

No ano 2009, estaba elaborado o modelo de intervención do Centro de Recuperación Integral e a cesión definitiva do edificio por parte do Concello. O BNG, ao longo de toda esta lexislatura ven denunciando o retraso na posta en marcha deste centro a través de diversas iniciativas Parlamentares, así como o incumprimento dos prazos que a Xunta de Galiza vén anunciando. Así en novembro do ano 2010 a Xunta anunciaba a inmediata licitación das obras de reforma do edificio. Porén estas non se adxudicaron ate o pasado mes de setembro de 2011.

Hai un aspecto que preocupa ao noso grupo en relación co modelo e intencións da Xunta de Galiza. O espazo que vai acoller o Centro de Recuperación Integral é a antiga Casa de Acollida de Santiago. Cando se decidiu a reconversión deste centro en



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

ningún momento se pensou en eliminar prazas de acollemento, de feito no proxecto inicial de 2009 estaban previstas. Mais a información que ten feito pública a Xunta de Galiza supón que estas desaparezan. Isto implica que en toda a comarca de Compostela non existirá ningunha praza de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero. Consideramos que este tipo de recursos son importantes e continúan sendo necesarios, razón pola que formulamos a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1. Garantir, que o Centro de Recuperación Integral estea en funcionamento antes de finais de marzo de 2012.
2. Adoptar as medidas oportunas para garantir que en Santiago de Compostela exista algún tipo de centro de acollida de carácter residencial, para ofrecer recursos especializados de acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz s. do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 08/11/2011 19:12:25**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e a iniciativa das deputadas e deputados, **Emma Alvarez Chao, Isabel García Pacín, Yolanda Díaz Lugilde, Rosa Oubiña Solla, Teresa Villaverde Pais, Angel A. Fraga Sánchez e Enrique Novoa López**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de Motivos

As rutas agroalimentarias de Galicia constitúen un proxecto financiado polo Programa Operativo de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico no marco de actuación do proxecto Cantata 2, e ten como obxectivo principal a creación dun instrumento estable de cooperación público-privado para promover e desenvolver de xeito integral os recursos agroalimentarios, turísticos culturais e patrimoniais dos territorios ou nodos piloto de actuación. Os traballos iniciáronse a finais do ano 2009 e as actuacións enmarcadas no proxecto vanse desenvolver ata marzo do 2012.

Coa súa participación no proxecto Cantata 2, Galicia pretende contribuír ao desenvolvemento integral do noso medio rural mediante un maior aproveitamento do seu potencial local agroalimentario e turístico e a mellora da competitividade das súas pemes, contribuíndo ao desenvolvemento sostible e á diversificación económica.

Cantata 2 é un proxecto cofinanciado polo FEDER que conta cun orzamento total de 2.279.984 €. O proxecto liderado por Denbighshire County Council (Gales, UK), conta tamén coa participación de Shannon Development (Shannon, Irlanda), Communauté de Communes du Poher (Bretaña, Francia) e a Cámara Municipal de Montemor-o-Velho (Portugal) e ten previsto o seu remate o 31 de marzo de 2012 (36 meses de execución). Agader participa cun orzamento de 511.726 €.

Co proxecto búscase acadar unha masa crítica de pemes para definir produtos turísticos innovadores nas rexións do Espazo Atlántico. No caso de Galicia, preténdese deseñar e poñer en marcha Rutas Agroalimentarias (castaña, mel, queixos e ave de curral criada tradicionalmente), articulando a actividade agroalimentaria e a turística, de forma que se concatene, por exemplo, nun mesmo produto, explotacións gandeiras, queixerías, aloxamento, empresas de actividades turísticas e restauración. Desta forma, achégase o visitante ao medio rural e aos procesos productivos que nel ten lugar, a súa cultura, gastronomía e paisaxe.

O produto “Rutas Agroalimentarias de Galicia” consiste na integración baixo un mesmo concepto temático dos recursos e servicios turísticos de interese, existentes e potenciais, dunha zona de produción agroalimentaria, expostos desde a autenticidade e a vocación vivencial. A finalidade é construír un produto desde a identidade propia do destino, de facilitar a comercialización conxunta dos nodos propostos e de garantir o nivel de satisfacción da demanda, impulsando así o desenvolvemento económico - social integral do rural galego.

A ruta agroalimentaria constitúe un plantexamento turístico entorno as zonas xeográficas definidas previamente (nodos) que abarcan varios concellos dunha Denominación de Orixe Protexida ou Indicación Xeográfica Protexida determinada e outros cuxa forma de produción sexa tradicional, de forma que o turista poda viaxar polo destino dun compoñente da ruta a outro, gozando do noso patrimonio natural, cultural, histórico e gastronómico.

Os produtos que vertebran Rutas Agroalimentarias de Galicia son os queixos de San Simón, Tetilla, Arzúa-Ulloa e Cebreiro, mel de Galicia e castaña de Galicia amparados baixo as diferentes figuras de protección de calidade e as aves de curral criadas tradicionalmente como o capón de Vilalba, o galo de Vila de Cruces e a galiña de Mos.

En relación a este asunto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para debater en Pleno.

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia, a:

- 1.- Realizar cantas accións sexan necesarias para apoiar a continuidade das rutas agroalimentarias en Galicia mais aló do peche do proxecto comunitario en marzo do 2012.
- 2.- Estudiar a inclusión de novas rutas agroalimentarias noutras zonas xeográficas de Galicia que abrangan Denominacións de Orixe Protexida ou Indicación Xeográfica Protexida”.

Santiago de Compostela, 09 de novembro de 2011

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 09/11/2011 14:24:51**

**Maria Emma Álvarez Chao na data 09/11/2011 14:25:00**

**Maria Isabel García Pacín na data 09/11/2011 14:25:10**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 09/11/2011 14:25:22**

**Rosa Oubiña Solla na data 09/11/2011 14:25:31**

**Maria Teresa Villaverde Pais na data 09/11/2011 14:25:48**

**Antonio Fraga Sánchez na data 09/11/2011 14:25:59**

**Enrique Novoa López na data 09/11/2011 14:26:10**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos deputados Román Rodríguez González, Pedro Arias Veira, Natalia Barros Sánchez, Yolanda Díaz Lugilde, Teresa Villaverde Pais, María Soledad Piñeiro Martínez e Marta Valcarcel Gómez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno.

## Exposición de motivos

A aprobación por parte do Parlamento de Galicia da Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa, ten suposto un fito singular. Por primeira vez regúlase por lei aspectos fundamentais para o logro dun modelo educativo máis xusto socialmente e de maior calidade formativa.

Aspectos como o reforzamento da autoridade do profesorado dentro da aula, a sistematización do acoso escolar, o axuste procedimental a fin de resolver os conflitos escolares, ou entre outros a procura da mellora xeral da convivencia dentro da aula, sen dúbida contribuirán ó asentamento dun sistema educativo máis eficiente e que permitirá acadar uns mellores resultados académicos e formativos.

Coa intencionalidade de impulsar a súa implementación de xeito progresivo faise necesario desenvolver regulamentariamente determinados aspectos contemplados na lei, a fin de aportar unha maior seguridade interpretativa por parte da comunidade educativa e estimular o logro dos obxectivos pretendidos.

Por estes motivos:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver

reglamentariamente a Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa e facelo no menor prazo posible.”

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2011

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 09/11/2011 18:31:51**

**Román Rodríguez González na data 09/11/2011 18:31:58**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 09/11/2011 18:32:02**

**Natalia Barros Sánchez na data 09/11/2011 18:32:08**

**Yolanda Díaz Lugilde na data 09/11/2011 18:32:11**

**Maria Teresa Villaverde Pais na data 09/11/2011 18:32:16**

**María Soledad Piñeiro Martínez na data 09/11/2011 18:32:22**

**Marta Valcárcel Gómez na data 09/11/2011 18:32:26**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo, Beatriz Sestayo Doce e Miguel Angel Fernández López** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Exposición de Motivos

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ante a publicación do Decreto 209/2011, do 27 de outubro polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias, na Disposición adicional única do citado decreto establece a posibilidade de repercutir nos usuarios os gastos ocasionados como consecuencia do uso irresponsable do Sistema Público de Saúde.

Por parecernos inxusta e ilegal, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:


**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a modificar o Decreto 209/2011, do 27 de outubro para suprimir a Disposición adicional única.**

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2011

Asdo.: Modesto Pose Mesura  
Carmen Acuña do Campo  
Beatriz Sestayo Doce  
Miguel Angel Fernández López  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Modesto Pose Mesura na data 10/11/2011 9:53:48**

.....  
**María del Carmen Acuña do Campo na data 10/11/2011 9:53:56**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Beatriz Sestayo Doce na data 10/11/2011 9:54:02**

**Miguel Ángel Fernández López na data 10/11/2011 9:54:06**

.....  
**Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/11/2011 9:54:13**

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos deputados e deputadas, **Pedro M. Arias Veira, Natalia Barros Sánchez, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Antonio A. Fraga Sánchez, Angeles Díaz Pardo, Cristina Romero Fernández e Alberto Sueiro Pastoriza**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de Motivos

Mentres o concurso eólico en Galicia prosegue o seu normal desenvolvemento, estamos a presenciar a nivel nacional a tramitación dunha nova norma que podería poñer fin á puxanza do sector.

Recentemente puidemos ver como o texto remitido polo Ministerio de Industria á Comisión Nacional de la Energía (CNE), sobre o novo marco retributivo da enerxía eólica, despertaba as críticas do sector polas consecuencias que pode traer. O borrador do Real Decreto que substituirá ao actual regulamento non conta co consenso mínimo necesario nin asegura o futuro do tecido industrial do sector eólico.

Tanto empresas fabricantes de aeroxeradores como diversas asociacións do sector móstranse contrarias á aprobación do devandito texto. Asemade, alertan dos efectos negativos e irreversibles que pode traer sobre o desenvolvemento tecnolóxico e tanto no emprego directo como indirecto.

Por todo o exposto é polo que o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición Non de Lei en Pleno.



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno de España e se proceda á inmediata paralización da tramitación do Real Decreto que senta o novo marco retributivo da enerxía eólica”.

Santiago de Compostela, 10 de Novembro de 2011

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 10/11/2011 18:13:15**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 10/11/2011 18:13:25**

**Natalia Barros Sánchez na data 10/11/2011 18:13:33**

**Daniel Luis Varela Suancez-Carpegna na data 10/11/2011 18:13:40**

**Antonio Fraga Sánchez na data 10/11/2011 18:13:49**

**Maria Angeles Díaz Pardo na data 10/11/2011 18:13:56**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 10/11/2011 18:14:02**

**Alberto Sueiro Pastoriza na data 10/11/2011 18:14:11**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputadas e das súas deputados, ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se procede á maior brevidade posible á tramitación de comparecencia **en Pleno** da **Sra. conselleira de Sanidade**, para que informe sobre o significado da disposición adicional única do decreto 209/2011.

Pazo do Parlamento, 9 de novembro do 2011

Asdo:

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Vázquez Fernández na data 09/11/2011 10:42:29**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/11/2011 10:42:33**

**María José Caride Estévez na data 09/11/2011 10:42:37**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 09/11/2011 10:42:43**

**María Concepción Burgo López na data 09/11/2011 10:42:54**

**Beatriz Sestayo Doce na data 09/11/2011 10:42:59**

**Carmen Gallego Calvar na data 09/11/2011 10:43:09**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 09/11/2011 10:43:20**

**Ricardo Varela Sánchez na data 09/11/2011 10:43:27**

**Francisco Xulio Cerviño González na data 09/11/2011 10:43:35**

**Miguel Ángel Fernández López na data 09/11/2011 10:43:40**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/11/2011 10:43:46**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 09/11/2011 10:43:56**



Grupo Parlamentario

**María del Carmen Cajide Hervés na data 09/11/2011 10:44:02**

**José Manuel Gallego Lomba na data 09/11/2011 10:44:15**

**José Manuel Lage Tuñas na data 09/11/2011 10:44:24**

**Silvia Belen Fraga Santos na data 09/11/2011 10:44:32**

**Pablo Xabier López Vidal na data 09/11/2011 10:44:39**

**María Remedios Quintas Alvarez na data 09/11/2011 10:44:46**

**Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 09/11/2011 10:44:51**

**María Soledad Soneira Tajés na data 09/11/2011 10:45:05**

**Modesto Pose Mesura na data 09/11/2011 10:45:09**

**Ismael Rego González na data 09/11/2011 10:45:15**

**Sonia Verdes Gil na data 09/11/2011 10:45:20**

**Luis María Tojo Ramallo na data 09/11/2011 10:45:25**



Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia -ante o Pleno- do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para informar “**da situación da planificación urbanística en Galicia e da posición do Goberno galego en relación co impulso dunha nova normativa reguladora de consenso que repercute na axilización dos planeamentos municipais**”.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Roberto Castro García

Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



Grupo Parlamentario

## À Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Os deputados e as deputadas que asinan pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación** para a súa tramitación **urxente**, relativa ao contido do Decreto 209/2011 no que se abre a posibilidade de establecer un procedemento para repercutir nos usuarios os gastos ocasionados como consecuencia do uso irresponsable das prestacións asistenciais do Sistema Público de Saúde de Galicia.

O pasado día 8 de novembro de 2011 publicouse no DOG o Decreto 209/2011 de 27 de outubro, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias.

O presente decreto publícase cada ano a nivel autonómico e responde ao Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional da Saúde e o procedemento para a súa actualización. Este decreto establece no seu anexo IX que, conforme ao previsto no artigo 83 da Lei xeral de sanidade, na disposición adicional 22 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, no artigo 2.7 deste real decreto e demais disposicións que resulten de aplicación, os servizos públicos de saúde reclamarán aos terceiros obrigados ao pagamento o importe das atencións ou prestacións sanitarias facilitadas directamente ás persoas, incluído o transporte sanitario, a atención de urxencia, a atención especializada, a atención primaria, a prestación farmacéutica, a prestación ortoprotésica, as prestacións con produtos dietéticos e a rehabilitación nunha serie de supostos que se expoñen no decreto.

O sorprendente e novidoso do Decreto 209/2011 é que engade unha disposición adicional única, inexistente ata o de agora que di textualmente: “De acordo co establecido nos números 4, 5, 10 e 11 do artigo 15 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, poderá establecerse un procedemento para repercutir nos usuarios os gastos ocasionados por estes como consecuencia do uso irresponsable das prestacións asistenciais do Sistema Público de Saúde de Galicia”



Grupo Parlamentario

Esta disposición non estaba nos decretos de anos anteriores e o artigo do que fai referencia da Lei de Saúde de Galicia (Lei 8/2008) non fala en absoluto de prestacións sanitarias senón dos deberes e obrigas individuais e en ningún punto deste artigo se fai referencia ás prestacións que reciben os usuarios.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na nosa opinión o que esconde esta disposición adicional única publicada neste decreto é unha porta aberta ao copago sanitario xa que se di textualmente que se poderá establecer un procedemento para repercutir nos usuarios os gastos ocasionados por estes como consecuencia do uso irresponsable das prestacións asistenciais.

Esta decisión vulnera a Lei xeral de sanidade que garante o carácter universal e gratuíto da asistencia sanitaria dos cidadáns galegos.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentario Socialista interpela o Goberno galego nos seguintes termos:

1.<sup>a</sup>) Que pretende a Sra. Conselleira de Sanidade con esta disposición adicional única publicada no Decreto 209/2011

2.<sup>a</sup>) Quere dicir isto que a Consellaría vai establecer un procedemento para cobrar aos usuarios os gastos ocasionados polo uso irresponsable do usuario das prestacións asistenciais?

3.<sup>a</sup>) A que chama a Sra. conselleira uso irresponsable das prestacións asistenciais?

4.<sup>a</sup>) Na práctica diaria, pode dicirnos a Sra. conselleira cales son os casos nos que se repercutirá o gasto sobre os usuarios?

5.<sup>a</sup>) Vaise cobrar a asistencia aos usuarios que acudan aos servizos de urxencia e non se lles diagnostique patoloxía aguda urxente?

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2011

Asdo:



Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Vázquez Fernández na data 08/11/2011 17:51:45**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/11/2011 17:51:49**

**María José Caride Estévez na data 08/11/2011 17:51:55**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 08/11/2011 17:52:02**

**María Concepción Burgo López na data 08/11/2011 17:52:14**

**Beatriz Sestayo Doce na data 08/11/2011 17:52:21**

**Carmen Gallego Calvar na data 08/11/2011 17:52:32**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 08/11/2011 17:52:46**

**Ricardo Varela Sánchez na data 08/11/2011 17:52:53**

**Francisco Xulio Cerviño González na data 08/11/2011 17:52:58**

**Miguel Ángel Fernández López na data 08/11/2011 17:53:55**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2011 17:54:26**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/11/2011 17:54:39**

**María del Carmen Cajide Hervés na data 08/11/2011 17:54:55**

**José Manuel Gallego Lomba na data 08/11/2011 17:55:06**

**José Manuel Lage Tuñas na data 08/11/2011 17:55:20**

**Silvia Belen Fraga Santos na data 08/11/2011 17:55:33**

**Pablo Xabier López Vidal na data 08/11/2011 17:55:44**

**María Remedios Quintas Alvarez na data 08/11/2011 17:55:53**

**Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 08/11/2011 17:56:00**

**María Soledad Soneira Tajés na data 08/11/2011 17:56:06**

**Modesto Pose Mesura na data 08/11/2011 17:56:18**

**Ismael Rego González na data 08/11/2011 17:56:26**

**Sonia Verdes Gil na data 08/11/2011 17:56:33**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



Grupo Parlamentario

**Luis María Tojo Ramallo na data 08/11/2011 17:56:37**

.....  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
.....





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Interpelación con trámite de urxencia**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Xustificación da Urxencia

#### A urxencia vén dada ante a alarma social creada.

O artigo 43 da CE, a Lei 14/1986 de 25 abril, Xeral de Sanidade, no seu art.1 apartado 2 establece que son titulares do dereito a protección da saúde e a atención sanitaria todos os españois e estranxeiros con residencia en territorio nacional. A Lei 16/2003, de 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde recolle os mesmos dereitos. A Lei de Saúde de Galicia, Lei 8/2008, recoñece como titulares do dereito a protección de saúde e a atención sanitaria con cargo a fondos públicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a todas as persoas que residan nos municipios de Galicia e os transeúntes na forma que estableza a lexislación vixente. Incluso se garante o dereito á asistencia sanitaria a menores e xestantes non incluídas no apartado anterior e a todas as persoas que están en situación de urxencia ou emerxencia.

O Goberno galego, neste caso a Consellería de Sanidade, publicou unha orde con data de 5 de setembro do 201, na que establece o procedemento para o recoñecemento do dereito a asistencia sanitaria das persoas sen recursos económicos na que, a xuízo do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, non se facilita senón que se obstaculiza o dereito e o acceso a asistencia sanitaria.

Posto que nos parece un cambio grave na orientación da política sanitaria seguida ata agora, é polo que os deputados e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera a Sra. conselleira de Sanidade que ten que haber un procedemento distinto de accesibilidade á asistencia sanitaria en función dos recursos ou da situación laboral?
2. Ten pensado establecer unha taxa pola emisión da tarxeta sanitaria?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2011



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Vázquez Fernández na data 10/11/2011 10:20:32**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/11/2011 10:20:36**

**María José Caride Estévez na data 10/11/2011 10:20:41**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 10/11/2011 10:20:47**

**María Concepción Burgo López na data 10/11/2011 10:20:55**

**Beatriz Sestayo Doce na data 10/11/2011 10:21:01**

**Carmen Gallego Calvar na data 10/11/2011 10:21:08**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 10/11/2011 10:21:15**

**Ricardo Varela Sánchez na data 10/11/2011 10:21:22**

**Francisco Xulio Cerviño González na data 10/11/2011 10:21:30**

**Miguel Ángel Fernández López na data 10/11/2011 10:21:35**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/11/2011 10:21:40**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 10/11/2011 10:21:47**

**María del Carmen Cajide Hervés na data 10/11/2011 10:21:52**

**José Manuel Gallego Lomba na data 10/11/2011 10:21:59**

**José Manuel Lage Tuñas na data 10/11/2011 10:22:04**

**Silvia Belen Fraga Santos na data 10/11/2011 10:22:08**

**Pablo Xabier López Vidal na data 10/11/2011 10:22:13**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 10/11/2011 10:22:18**


**Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 10/11/2011 10:22:23**

**María Soledad Soneira Tajés na data 10/11/2011 10:22:30**

**Modesto Pose Mesura na data 10/11/2011 10:22:34**

**Ismael Rego González na data 10/11/2011 10:22:39**



 Grupo Parlamentario

**Sonia Verdes Gil na data 10/11/2011 10:22:46**

**Luis María Tojo Ramallo na data 10/11/2011 10:22:50**

-----  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
-----



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Gallego Calvar, Pablo Xabier López Vidal, María Quintas Alvarez e Ismael Rego González**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Segundo as informacións publicadas nos medios de comunicación nestes días a empresa Manmer S.L. importa residuos asfálticos dende o verán do ano 2009 e deposita estes en diversos lugares da Comunidade Autónoma como o Porto de Ferrol, ou un terreo do concello de Cabanas preto dunha canle fluvial.

Ante esta información e a posibilidade de que estes residuos asfálticos sexan contaminantes, as deputadas e os deputados que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Coñece a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras todas as importacións deste material asfáltico contaminante?
2. Dende que datas se produciron?
3. Que cantidades de material asfáltico se barallan?
4. Cales son as súas características, que efectos producen estes materiais sobre o medio ambiente e sobre as persoas?
5. Que tipo de autorizacións administrativas e requisitos precisan estes materiais para seren importados e usados aquí en Galicia?
6. En que lugares están depositados estes materiais?
7. Que normativas incumpren?



Grupo Parlamentario

8. Que autorizacións outorgou ou denegou a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a esta empresa ou a quen importe este tipo de materiais?
9. Cales son os pasos que vai dar o Goberno da Xunta de Galicia para que se dea cumprimento a normativa ambiental?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 3 de novembro de 2011

Asdo.: Carmen Gallego Calvar  
Pablo Xabier López Vidal  
María Quintas Alvarez  
Ismael Rego González  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Gallego Calvar na data 07/11/2011 11:15:58**

**Pablo Xabier López Vidal na data 07/11/2011 11:16:02**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 07/11/2011 11:16:07**

**Ismael Rego González na data 07/11/2011 11:16:11**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Cajide Hervés, Silvia Fraga Santos, Beatriz Sestayo Doce e Carmen Acuña do Campo**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

De todos e todas é sabido que a dependencia económica da muller convértese en moitas ocasións nun dos principais obstáculos aos que teñen que facer fronte as vítimas da violencia machista para romper coa situación límite na que se atopan elas e os seus fillos e fillas. Propoñerse empezar unha nova vida lonxe de quen as maltrata non é un camiño sinxelo, e moito menos se non teñen un apoio para que esa nova vida sexa digna.

Sabedor desta circunstancia, o anterior Goberno Galego creou no ano 2006 unha liña de axudas denominada Salario da Liberdade, unha achega para as mulleres que queren dar un primeiro paso para saír da realidade na que viven. Esta achega converteuse en fundamental para moitas vítimas da violencia machista que, en función da súa situación, poden percibir un máximo de 600 euros ao mes por un período máximo de 12 meses.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que é unha obriga das administracións ofrecer apoio ás mulleres que xa teñen decidido dar un xiro na súa vida. Dende hai un par de anos atopámonos, sen embargo, con que a Xunta non está a pagar a axuda nos prazos previstos, obviando que para moitas mulleres é unha garantía de vida. Os expedientes, pola súa banda, tampouco se están a resolver coa celeridade que reclama a situación.

Dende que foi instaurado polo anterior goberno, centos de mulleres galegas beneficiáronse do Salario da Liberdade. No Grupo Parlamentario Socialista vemos con preocupación este atraso e, tras numerosas alertas das mulleres que solicitaron esta achega e que aínda non teñen recibido os cartos, tememos polo futuro dunha iniciativa fundamental para rematar co círculo da violencia machista.



Grupo Parlamentario

Polo exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1. Ten coñecemento o Goberno galego do número de solicitudes que ten recibido a Xunta de Galicia para cobrar o salario da liberdade en 2010 e no que vai de 2011?
2. E de cantas desas solicitudes foron aprobadas e cantas rexeitadas?
3. E que atraso acumula a Xunta, de media, no pago do salario da liberdade? E de cantas mulleres están ao corrente e cantas faltan por cobrar?
4. E canto atraso acumula a Xunta nas resolucións de novas solicitudes do salario da liberdade? Así como, de cal é o número de expedientes pendentes de resolucións a 1 de novembro de 2011? E de cal é a data do expediente máis antigo sen resolver?
5. Pode dicirnos o Goberno galego cal é a previsión que ten a Xunta de Galicia no mantemento, consolidación e/ou ampliación do salario da liberdade?

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2011

Asdo.: Carmen Cajide Hervés

Silvia Fraga Santos

Beatriz Sestayo Doce

Carmen Acuña do Campo

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Cajide Hervés na data 07/11/2011 11:49:07**

**Silvia Belen Fraga Santos na data 07/11/2011 11:49:12**

**Beatriz Sestayo Doce na data 07/11/2011 11:49:17**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 07/11/2011 11:49:22**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza


## Á Mesa do Parlamento

**Henrique Viéitez Alonso e Fernando Branco Parga**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, dirixida ao Goberno galego, sobre a destrución de empresas e a súa repercusión no emprego.

O Goberno galego ven de presentar os orzamentos para o próximo ano nos que cifra os seus obxectivos, entre outros, no eixo número dous no que pretende agrupar as políticas que perseguen estimular o crecemento económico, fomentando os sectores estratéxicos e tendo especial posición as políticas de promoción de emprego mediante a dinamización e a creación de empresas.

Estas declaracións, mantidas no tempo que leva instalado o novo goberno e nos orzamentos que ten presentado, contrastan coa realidade recollida nas estatísticas oficiais. Produto de múltiples circunstancias como a baixa no consumo, a falla de acceso ao crédito, etc. pero tamén aproveitando a conxuntura como o teñen demostrado múltiples casos, moitas empresas de tamaño significativo están nunha situación crítica ou a punto de pechar as súas portas, cando non deslocalizando a súa produción ante a sorpresa de quen estanse a preguntar onde se destinaron os beneficios obtidos en épocas non moi lonxanas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza


Á súa vez as pequenas e medianas empresas, que son a inmensa maioría no tecido empresarial galego e as que crean a maior parte dos empregos, son afectadas do mesmo xeito que as grandes. A consecuencia foi e sigue sendo, que nos últimos anos centos de pequenas e medianas empresas estiveron, ou están, sometidas a procesos de liquidación, cando non ao seu peche inmediato.

Este comportamento ten, polo tanto, unha contradición co que preconiza o actual Presidente da Xunta e o seu goberno, pois no último ano téñense destruído mil oitocentas sesenta e catro empresas ao pasar de existir 84.403 en outubro do ano pasado ás 82.539 empresas inscritas na Seguridade Social. A súa repercusión faise sentir no emprego cunha baixa de 29.518 persoas afiliadas, supoñendo unha redución da porcentaxe interanual do 2,92%. Estas baixas son unha constante ao longo do mandato do Goberno actual e a este comportamento non se lle aprecian visos de modificación, poñendo ao noso País na cabeza de destrución de emprego.

Chegada a esta situación, as razóns expostas denotan que o Goberno galego non acerta coas súas políticas de reactivación económica e de creación de emprego, aspectos estes que obrigan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a presentar a seguinte **Interpelación**:

1) Como explica o Goberno galego que Galiza destaque no peche de empresas e a conseguinte destrución de emprego?.

2) Ten pensado reforzar ou promover novas medidas de acompañamento ás empresas en situación de viabilidade crítica?



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3) De ser certo, cales son as medidas que vai poñer en marcha o Goberno galego para conter e reducir a desaparición de multitude de empresas?.

4) Cales son as previsións do Goberno galego para incrementar a viabilidade destas empresas e manter o emprego?.

Compostela, 8 de Novembro de 2011

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**  
**Fernando Branco Parga**  
Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Henrique Vieitez Alonso na data 08/11/2011 18:04:42**

**Fernando Branco Parga na data 08/11/2011 18:04:47**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Xoaquín Fernández Leiceaga, Modesto Pose Mesura e María Carmen Acuña do Campo**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na documentación dos orzamentos 2010, na páxina 319 do tomo II da Memoria correspondente á Consellaría de Sanidade, dentro das “Previsións de investimento realizadas coa colaboración público-privada para a lexislatura”, en relación ao “Plan integral de investimentos no primeiro nivel asistencial”, inclúese unha relación de 54 actuacións correspondentes a 51 centros de saúde de atención primaria e 3 CAR, no Morrazo, Vigo, Lalín, cun importe aproximado de 116 millóns de euros. Notemos que o orzamento estimado por actuación apenas supera os 2,1 millóns de euros.

Das ditas actuacións, 23 serían iniciadas en 2010 e as 31 restantes en 2011.

Nos orzamentos de 2011 a Consellaría de Sanidade modifica estes compromisos e, segundo especifica, comprométese a realizar “investimentos no 2011 en 19 centros de saúde de atención primaria por importe de 47,52 millóns de euros”. Cómpre indicar que non houbo licitacións en 2010 dos 23 centros previstos, polo que xa existía unha reprogramación –un atraso- moi intensa. O orzamento medio das actuacións elévase lixeiramente, ata os 2,5 millóns de euros.

O quince de outubro de 2010, hai agora algo máis dun ano, o DOG publica unha resolución pola que se acordaba someter “a información pública o estudo de viabilidade económico-financiero da concesión de obra pública para a redacción de proxecto técnico, financiamento, construción, conservación e explotación de dezanove centros de atención primaria, incluídos no Plan de modernización de infraestruturas sanitarias 2010-2013 do Servizo Galego de Saúde”, indicando un período de construción de 14 meses, a contar desde finais de ano (polo tanto, unha previsión de entrada en funcionamento



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

de xaneiro de 2012). O orzamento estimado de construción sería de 60 millóns de euros (xa algo máis de 3,15 millóns de euros por actuación), aínda que o custe estimado para a Administración autonómica polos vinte anos de concesión sería de 173,8 millóns de euros (máis de 9 millóns de euros por actuación, incluíndo o mantemento e conservación pero engadindo os ingresos por explotación).

Doce meses despois nada sabemos. Faltan apenas tres para cumprir o prazo indicado e aínda non se dou ningún paso adicional, máis que o anuncio de información previa publicado no DOUE o 7 de abril de 2011 para 18 centros de saúde, en concesión, durante un período de vinte anos, e cun custe, sen IVE, de 197,5 millóns de euros. Se sumamos o IVE teríamos 233 millóns, cun custe medio de case 13 millóns de euros, dos que aproximadamente 10 deben corresponder ao pago por canon de servizos ao longo dos anos (medio millón por ano).

No orzamento de 2012 indícase a intención de rematar o proceso de licitación dos 18 novos centros de saúde cun modelo de colaboración público privado, e proceder á construción de novos centros de saúde, utilizando fórmulas de financiamento tradicionais, dos que só se sinala na provincia de Lugo o de Monterroso e na de Ourense o da Peroxa.

En resume: nos trinta meses transcorridos de goberno do señor Núñez Feijóo non comezou a construción de ningún dos centros de saúde ou CAR comprometidos (54); a fórmula de colaboración público-privada, defendida como un instrumento da aceleración da posta en servizo dos investimentos nun contexto de penuria económica, xogaron xustamente en sentido contrario. E a día de hoxe non existe certeza de que vaia proseguirse por esa vía (de feito non aparece esta actuación no cadro resume dos compromisos de gasto adquiridos pola Xunta de Galicia e anúnciase que non vai haber adquisición de novos compromisos). Pero tampouco aparecen recursos ordinarios dabondo no orzamento 2012 para facer fronte a esas actuacións.



Grupo Parlamentario

Xa sabemos hoxe que o actual presidente da Xunta non vai inaugurar ningún centro de saúde de nova construción nesta lexislatura. E temémonos que os centros iniciados antes de marzo de 2013 estarán substancialmente por baixo dos prometidos.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Segue a manter o compromiso de construción nesta lexislatura dos 54 centros de saúde e CAR incluídos no orzamento do ano 2010?

2.<sup>a</sup>) Segue mantendo a previsión de gastos de construción en 116 millóns de euros?

3.<sup>a</sup>) En que momento teñen previsión de completar o proceso de adxudicación dos 19 centros de colaboración público-privada sometidos a información pública en outubro de 2010?

4.<sup>a</sup>) E iniciar a súa construción?

5.<sup>a</sup>) Cal é o custe medio de construción deses centros?

6.<sup>a</sup>) Cal é o custe anual previsto de conservación e mantemento deses centros?


7.<sup>a</sup>) Que servizos ten previsto que formen parte da concesión?

8.<sup>a</sup>) Que centros de saúde de nova construción están incluídos no proxecto de orzamentos do ano 2012, para ser construídos con financiamento tradicional?

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2011

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Modesto Pose Mesura  
María Carmen Acuña do Campo  
Deputados e deputada do G.P. Socialista



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

..... **Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2011 18:38:23**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Modesto Pose Mesura na data 08/11/2011 18:38:27**

..... **María del Carmen Acuña do Campo na data 08/11/2011 18:38:37**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Xoaquín Fernández Leiceaga, Modesto Pose Mesura e María José Caride Estévez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na páxina 136 do Informe Económico-Financeiro correspondente ao Orzamento da Xunta de Galicia do ano 2010 inclúese un cadro no que se recollen os proxectos de investimento con participación público-privada, cun importe total dos compromisos de gasto de 3.069,2 millóns de euros.

Nestes proxectos non aparecen nin a construción dun novo Hospital en Pontevedra nin a construción de 18 centros de saúde. Que, non obstante, a Consellaría de Sanidade en diversos foros, incluído o mesmo Parlamento, así como na Memoria de Obxectivos e Programas que forma parte do Orzamento 2012 da Xunta de Galicia, si se compromete a licitar no vindeiro exercicio (2012).

Porén, nesa mesma páxina 136 citada establécese textualmente que “No ano 2012 non está previsto dispor máis gasto a través destas fórmulas, polo que o importe comprometido ao final do ano 2012 será de 3043,6 millóns de euros”.

Por iso os deputados e a deputada que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1.<sup>a</sup>) Renunciou o Goberno galego á licitación polo procedemento público/privado neste exercicio 2012 dos 18 centros de saúde que foron obxecto de publicación no DOCE?

2.<sup>a</sup>) Renunciou o Goberno galego á licitación polo procedemento público/privado neste exercicio 2012 dun Novo Hospital para Pontevedra?

3.<sup>a</sup>) Ten previsto licitar no ano 2012, unha ou outra destas infraestruturas con financiamento puramente público?



Grupo Parlamentario

4.<sup>a</sup>) Cando está prevista a licitación destas infraestruturas?

Parlamento de Galicia, 7 de novembro de 2011

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Modesto Pose Mesura  
María José Caride Estévez  
Deputados e deputada do G.P. Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2011 18:48:16**

**Modesto Pose Mesura na data 08/11/2011 18:48:20**

**María José Caride Estévez na data 08/11/2011 18:48:25**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento


**Bieito Lobeira Domínguez e Fernando Branco Parga**, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao abandono da Xunta de Galiza do Padroado da Fundación FEXDEGA, en Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Galiza, de xeito irresponsábel, anunciou o seu abandono do padroado da Fundación FEXDEGA, en Vilagarcía de Arousa, en clara contradición co papel que a institución autonómica mantén en relación con outros recintos feirais.

FEXDEGA representaba unha referencia na organización de feiras e eventos, que ademais viña reportando importantes beneficios económicos para Vilagarcía de Arousa e a comarca do Salnés. Mesmo se compatilizaba con usos de diverso tipo, en función dunha infraestrutura e localización privilexiadas.

No proxecto de orzamentos para o ano 2012, o Goberno do Partido Popular eliminou absolutamente calquera partida orzamentaria destinada a garantir o funcionamento de FEXDEGA. Xa con anterioridade se procedeu ao despedimento das traballadoras e traballadores que viñan desenvolvendo dende hai anos o seu traballo nesta Fundación.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular a seguinte pregunta oral en Pleno, dirixida ao Conselleiro de Economía e Industria:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ten previsto rectificar a decisión tomada?

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Fernando Branco Parga

Deputados do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 04/11/2011 11:27:44**

**Fernando Branco Parga na data 04/11/2011 11:27:50**




OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Tereixa Paz Franco** e **Alfredo Suárez Canal**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á responsabilidade na que puido ter incorrido o Delegado Territorial da Xunta en Ourense pola súa ausencia durante a vaga de incendios á vista das competencias específicas que se lle encomendan no PLADIGA 2011.

Ademais das competencias xenéricas de coordinación da actuación da Administración Pública Galega no seu ámbito territorial os Delegados territoriais da Xunta de Galiza teñen encomendado segundo o Plan de Defensa contra incendios forestais para o ano 2011 (PLADIGA) unha serie de funcións específicas. Nalgún caso no propio PLADIGA ademais de funcións de Coordinación do Comité Provincial tamén se lle encomendan as funcións para decidir decretar e levantar determinados niveis de alerta, en comunicación cos alcaldes ou alcaldesas dos concellos afectados, así como en determinados casos presidir e dirixir, mentres dure ese nivel de alerta, o comité de dirección que hai que constituír ao efecto.

No Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos, e así o temos manifestado con anterioridade, que coa súa viaxe a Madrid o pasado día 18 de setembro, para asistir a un partido de fútbol no Santiago Bernabeu o que sen dúbida o mantivo lonxe do seu posto durante moitas horas mentres no seu ámbito territorial se estaban producindo numerosos incendios en moitos casos cunha evolución incerta, o Delegado Territorial en Ourense, Sr. Rogelio Martínez incorreu non só nun caso de grave irresponsabilidade senón nunha actitude de negligencia e de manifesta deixación de funcións que ten expresamente encomendadas.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Sen dúbida unha valoración similar é que lle fai manifestar ao Presidente da Xunta de Galiza, Sr. Núñez Feijóo cando é convidado a facer unha valoración desta actuación do seu Delegado Territorial: “eu non o faría”.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e do deputado asinantes, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno:

**Sr. Presidente da Xunta de Galiza, significa o “eu non o faría” que á vista da súa actuación ao Delegado Territorial da Xunta de Galiza en Ourense se lle debería exixir a asunción de responsabilidades políticas?**

Santiago de Compostela, 4 de Novembro de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

**Alfredo Suárez Canal**

Deputada e Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 04/11/2011 12:33:56**

**Alfredo Suárez Canal na data 04/11/2011 12:34:06**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Acuña do Campo**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o concello de Betanzos existe un convenio asinado para a substitución do pavimento da pista do pavillón polideportivo de Betanzos.

O convenio está datado no ano 2010 cando, por certo, a alcaldesa de Betanzos era membro do Partido Popular, tras as últimas eleccións municipais esta circunstancia mudou e agora o alcalde pertence o PSdeG – PSOE.

No ano 2010 non foi posible executar a cantidade presupostada para ese proxecto polo que o compromiso se trasladou ao do 2011.

Pasou tamén o ano 2011 e o proxecto segue sen realizarse por parte da Secretaría Xeral, polo que o alcalde de Betanzos se entrevistou co secretario xeral que dilataba a realización da obra un ano máis a finais do 2012. Mais, a nosa sorpresa xurde cando nos orzamentos desa Secretaría para o ano próximo non se recolle ningunha actuación no concello de Betanzos.


Polo exposto, a deputada que asina formula a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

**Que motivou o incumprimento do convenio asinado Goberno e concello de Betanzos para a mellora do polideportivo?**

Pazo do Parlamento, 4 de novembro de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 07/11/2011 11:04:04**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Carmen Gallego Calvar, Pablo Xabier López Vidal, María Quintas Alvarez e Ismael Rego González**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Segundo as informacións publicadas nos medios de comunicación nestes días a empresa Manmer S.L. importa residuos asfálticos dende o verán do ano 2009 e deposita estes en diversos lugares da Comunidade Autónoma como o Porto de Ferrol, ou un terreo do concello de Cabanas preto dunha canle fluvial.

Ante esta información e a posibilidade de que estes residuos asfálticos sexan contaminantes, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:


**Coñece a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras todas as importacións deste material asfáltico contaminante?**

Pazo do Parlamento, 3 de novembro de 2011

Asdo.: Carmen Gallego Calvar  
Pablo Xabier López Vidal  
María Quintas Alvarez  
Ismael Rego González  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



 Grupo Parlamentario

**Carmen Gallego Calvar na data 07/11/2011 11:17:14**

**Pablo Xabier López Vidal na data 07/11/2011 11:17:18**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 07/11/2011 11:17:23**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Ismael Rego González na data 07/11/2011 11:17:28**





## Á Mesa do Parlamento

**Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo, Beatriz Sestayo Doce e Miguel Angel Fernández López**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O artigo 43 da CE, a Lei 14/1986 de 25 abril, Xeral de Sanidade, no seu art.1 apartado 2 establece que son titulares do dereito a protección da saúde e a atención sanitaria todos os españois e estranxeiros con residencia en territorio nacional. A Lei 16/2003, de 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde recolle os mesmos dereitos. A Lei de Saúde de Galicia, Lei 8/2008, reconece como titulares do dereito a protección de saúde e a atención sanitaria con cargo a fondos públicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a todas as persoas que residan nos municipios de Galicia e os transeúntes na forma que estableza a lexislación vixente. Incluso se garante o dereito á asistencia sanitaria a menores e xestantes non incluídas no apartado anterior e a todas as persoas que están en situación de urxencia ou emerxencia.


O Goberno galego, neste caso a Consellería de Sanidade, publicou unha orde con data de 5 de setembro do 201, na que establece o procedemento para o recoñecemento do dereito a asistencia sanitaria das persoas sen recursos económicos na que, a xuízo do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, non se facilita senón que se obstaculiza o dereito e o acceso a asistencia sanitaria.

Posto que nos parece un cambio grave na orientación da política sanitaria seguida ata agora, é polo que os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

**Cal é a razón para que poñan impedimentos para o acceso a asistencia sanitaria das persoas sen recursos?**

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2011

Asdo.: Modesto Pose Mesura  
Carmen Acuña do Campo  
Beatriz Sestayo Doce  
Miguel Angel Fernández López  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario



**Asinado dixitalmente por:**

**Modesto Pose Mesura na data 07/11/2011 11:24:26**


**María del Carmen Acuña do Campo na data 07/11/2011 11:24:32**

**Beatriz Sestayo Doce na data 07/11/2011 11:24:39**

**Miguel Ángel Fernández López na data 07/11/2011 11:24:44**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo, Beatriz Sestayo Doce e Miguel Angel Fernández López**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O presidente Feijóo fixo unhas declaracións en sede parlamentaria na sesión de control do día 26 de outubro, nas que se afirmaba que se estaban construíndo dezasete centros de saúde.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

**Cales son os centros de saúde que se están a construír en Galicia?**

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2011

Asdo.: Modesto Pose Mesura  
Carmen Acuña do Campo  
Beatriz Sestayo Doce  
Miguel Angel Fernández López  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Modesto Pose Mesura na data 07/11/2011 11:44:32**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 07/11/2011 11:44:37**

**Beatriz Sestayo Doce na data 07/11/2011 11:44:42**

**Miguel Ángel Fernández López na data 07/11/2011 11:44:46**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Cajide Hervés, Silvia Fraga Santos, Beatriz Sestayo Doce e Carmen Acuña do Campo**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia


De todos e todas é sabido que a dependencia económica da muller convértese en moitas ocasións nun dos principais obstáculos aos que teñen que facer fronte as vítimas da violencia machista para romper coa situación límite na que se atopan elas e os seus fillos e fillas. Propoñerse empezar unha nova vida lonxe de quen as maltrata non é un camiño sinxelo, e moito menos se non teñen un apoio para que esa nova vida sexa digna.

Sabedor desta circunstancia, o anterior Goberno Galego creou no ano 2006 unha liña de axudas denominada Salario da Liberdade, unha achega para as mulleres que queren dar un primeiro paso para saír da realidade na que viven. Esta achega converteuse en fundamental para moitas vítimas da violencia machista que, en función da súa situación, poden percibir un máximo de 600 euros ao mes por un período máximo de 12 meses.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que é unha obriga das administracións ofrecer apoio ás mulleres que xa teñen decidido dar un xiro na súa vida. Dende hai un par de anos atopámonos, sen embargo, con que a Xunta non está a pagar a axuda nos prazos previstos, obviando que para moitas mulleres é unha garantía de vida. Os expedientes, pola súa banda, tampouco se están a resolver coa celeridade que reclama a situación.

Dende que foi instaurado polo anterior goberno, centos de mulleres galegas beneficiáronse do Salario da Liberdade. No Grupo Parlamentario Socialista vemos con preocupación este atraso e, tras numerosas alertas das mulleres que solicitaron esta achega e que aínda non teñen recibido os cartos, tememos polo futuro dunha iniciativa fundamental para rematar co círculo da violencia machista.



 Grupo Parlamentario

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

**Cal é a previsión de futuro da Xunta de Galicia sobre o salario da liberdade?**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2011

Asdo.: Carmen Cajide Hervés

Silvia Fraga Santos

Beatriz Sestayo Doce

Carmen Acuña do Campo

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia


**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Cajide Hervés na data 07/11/2011 11:49:38**

**Silvia Belen Fraga Santos na data 07/11/2011 11:49:42**

**Beatriz Sestayo Doce na data 07/11/2011 11:49:54**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 07/11/2011 11:50:00**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Branco Parga**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Segundo o Instituto Estatal de Estatística (INE), Galiza (xunto con Canarias) segue liderando a baixada no Índice de Produción Industrial do Estado, con datos de setembro, publicados o 4 de novembro, cunha baixada anual do 8,8%, cando hai comunidades que soben o 15, 12 ou 10%.


Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG**, formula a seguinte pregunta oral en Pleno, dirixida ao Conselleiro de Economía e Industria:

- Cal é o motivo deste pésimo resultado na industria de Galiza?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga  
Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/11/2011 13:16**  
**Nº Rexistro: 73297**  
Data envío: 07/11/2011 13:16:07.671

**Fernando Branco Parga na data 07/11/2011 13:03:00**

## Á Mesa do Parlamento

**Marta Rodríguez Arias, Angeles Díaz Pardo, Miguel A. Santalices Vieira, Rosa Oubiña Solla, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Dámaso López Rodríguez, María Seoane Romero e Alberto Sueiro Pastoriza**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

Para unha maior planificación, a Xunta conta a partir de agora cun mapa de infraestruturas sociais de Galicia para a atención residencial de persoas dependentes.

Trátase dunha nova ferramenta que supera os modelos anteriores, e na que se teñen en conta diversos criterios de planificación como a poboación, a evolución das persoas dependentes, as súas preferencias e a territorialización dos resultados co fin de realizar unha planificación real e obxectiva da necesidade de prazas residenciais para actuar tanto a curto, medio e longo prazo.

Este mapa de infraestruturas sociais de Galicia ten en conta outros factores máis aló da poboación, entre os que destaca de forma fundamental a preferencia dos usuarios por uns servizos sobre outros. O que sen dúbida permitirá dar o servizo que as persoas realmente demandan e actuar naqueles sitios onde son máis necesarios os servizos. Unha planificación rigorosa, técnica, eficaz e racional para a posta en marcha de infraestruturas sociais.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:



¿Que vai a supor este novo Mapa de Infraestructuras sociais de atención residencial para a mellora da atención ás persoas con dependencia en Galicia?

Santiago de Compostela, 8 de Novembro de 2011

**Asinado dixitalmente por:**

**Marta Rodríguez Arias na data 08/11/2011 16:55:16**

**Maria Angeles Díaz Pardo na data 08/11/2011 16:55:22**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 08/11/2011 16:55:29**


**Rosa Oubiña Solla na data 08/11/2011 16:55:38**

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 08/11/2011 16:55:48**

**Dámaso López Rodríguez na data 08/11/2011 16:55:59**

**María Seoane Romero na data 08/11/2011 16:56:04**

**Alberto Sueiro Pastoriza na data 08/11/2011 16:56:16**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento


**Henrique Viéitez Alonso e Fernando Branco Parga**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, dirixida ao Goberno galego, relativa a desconvocatoria da mesa do naval.

Despois de diversos anuncios feitos polo conselleiro de economía e industrial nos que manifestaba a súa intención de convocar a mesa do sector naval para tratar sobre o sistema fiscal aplicado na construción de buques e a situación provocada polo rexeitamento da Unión Europea da proposta alternativa, o Goberno galego aprazou sen data a reunión de dita mesa.

Na súa substitución, convocaba aos membros da mesa do diálogo social que tivo lugar onte e na que excluía a diversas partes representativas que tiñan moito que aportar e implicadas do problema xurdido.

Esta actitude demostra que o verdadeiro interese que perseguía o Goberno galego non era liderar unha proposta galega na que estivesen representadas e integradas todas as partes interesadas en sacar da crise ao sector naval e frear o deterioro desta actividade industrial e, por ende, a destrución de emprego.

Confunde, unha vez máis, o Goberno galego, a responsabilidade de goberno co interese partidario e prolongando a súa liña de actuación baseada na confrontación e na utilización partidaria na campaña electoral no canto da colaboración e no liderado.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Son estas as razóns que nos obrigan a formular a seguinte pregunta dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

**Cales son as razóns de que ata hoxe non se teña convocado a mesa do naval e a todos os seus integrantes?**


Compostela, 8 de Novembro do 2011

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**  
**Fernando Branco Parga**  
Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Henrique Vieitez Alonso na data 08/11/2011 17:09:41**

**Fernando Branco Parga na data 08/11/2011 17:09:45**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/11/2011 18:28  
Nº Rexistro: 73480  
Data envío: 08/11/2011 18:28:53.515

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en pleno**, relativa ao impacto que está a ter o recorte das axudas ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

O Diario Oficial de Galiza do 19 de xaneiro de 2011 publicou a resolución que regula as axudas periódicas de apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero. A novidade máis importante desta convocatoria foi o endurecemento das condicións de acceso ás axudas e consecuentemente, unha redución das potenciais beneficiarias da mesma. Mais tamén nalgúns supostos se reducen as cantidades que se perciben.

Desde o BNG, reclamamos á Xunta unha rectificación desta decisión. Consideramos que esta medida é inxustificábel, pois só ten como consecuencia reducir as potenciais beneficiarias. Máxime nun momento de crise económica como a actual, onde se incrementa o paro feminino e se están deteriorando aínda máis as condicións laborais das mulleres. Os baremos de renda que se viñan utilizando nas resolucións reguladoras destas axudas eran xa restritivos, moi inferiores aos que se establecen no caso doutras axudas públicas, Estamos ante un novo recorte no ámbito social, que neste caso ten como consecuencia que as mulleres que sofren violencia de xénero van ter menos apoio que con anterioridade.

É criticábel que nesta resolución non se aborden os problemas que se viñan detectando en relación coa xestión desta axuda. A Secretaría Xeral de Igualdade non aborda cambios para acelerar a resolución das axudas, nin para efectuar o seu



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

pagamento con maior axilidade. Tampouco hai ningunha previsión orzamentaria para evitar que o esgotamento do crédito provoque que as mulleres pasen meses sen cobrar. De feito, a cuantía que se prevé destinar no ano 2011 é claramente insuficiente e só incrementa nun 7% a prevista no ano 2010. Convén lembrar que no pasado ano esta cantidade tivo que incrementarse en dúas ocasións para poder enfrontar os pagamentos da mesma.

É particularmente grave que este recorte se produza xusto nun momento no que a crise económica deixa sentir con dureza os seus efectos máis negativos. Hai un incremento do paro, medra a pobreza e hai moitas mulleres neste país que non teñen ingresos nin perspectivas laborais.

Polo dito formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

Avaliou a Xunta de Galiza o impacto desta medida nas mulleres que sofren violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo  
Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 08/11/2011 18:10:07**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Xoaquín Fernández Leiceaga, Modesto Pose Mesura e María Carmen Acuña do Campo**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na documentación dos orzamentos 2010, na páxina 319 do tomo II da Memoria correspondente á Consellaría de Sanidade, dentro das “Previsións de investimento realizadas coa colaboración público-privada para a lexislatura”, en relación ao “Plan integral de investimentos no primeiro nivel asistencial”, inclúese unha relación de 54 actuacións correspondentes a 51 centros de saúde de atención primaria e 3 CAR, no Morrazo, Vigo, Lalín, cun importe aproximado de 116 millóns de euros. Notemos que o orzamento estimado por actuación apenas supera os 2,1 millóns de euros.

Das ditas actuacións, 23 serían iniciadas en 2010 e as 31 restantes en 2011.

Nos orzamentos de 2011 a Consellaría de Sanidade modifica estes compromisos e, segundo especifica, comprométese a realizar “investimentos no 2011 en 19 centros de saúde de atención primaria por importe de 47,52 millóns de euros”. Cómpre indicar que non houbera licitacións en 2010 dos 23 centros previstos, polo que xa existía unha reprogramación –un atraso- moi intensa. O orzamento medio das actuacións elévase lixeiramente, ata os 2,5 millóns de euros.

O quince de outubro de 2010, hai agora algo máis dun ano, o DOG publica unha resolución pola que se acordaba someter “a información pública o estudo de viabilidade económico-financeiro da concesión de obra pública para a redacción de proxecto técnico, financiamento, construción, conservación e explotación de dezanove centros de atención primaria, incluídos no Plan de modernización de infraestruturas sanitarias 2010-2013 do Servizo Galego de Saúde”, indicando un período de construción de 14 meses, a contar desde



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

finais de ano (polo tanto, unha previsión de entrada en funcionamento de xaneiro de 2012). O orzamento estimado de construción sería de 60 millóns de euros (xa algo máis de 3,15 millóns de euros por actuación), aínda que o custe estimado para a Administración autonómica polos vinte anos de concesión sería de 173,8 millóns de euros (máis de 9 millóns de euros por actuación, incluíndo o mantemento e conservación pero engadindo os ingresos por explotación).

Doce meses despois nada sabemos. Falta apenas tres para cumprir o prazo indicado e aínda non se dou ningún paso adicional.

No orzamento de 2012 indícase a intención de rematar o proceso de licitación dos 18 novos centros de saúde cun modelo de colaboración público privado, e proceder á construción de novos centros de saúde, utilizando fórmulas de financiamento tradicionais, dos que só se sinala na provincia de Lugo o de Monterroso e na de Ourense o da Peroxa.

En resume: nos trinta meses transcorridos de goberno do señor Núñez Feijóo non comezou a construción de ningún dos centros de saúde ou CAR comprometidos (54); a fórmula de colaboración público-privada, defendida como un instrumento da aceleración da posta en servizo dos investimentos nun contexto de penuria económica, xogaron xustamente en sentido contrario. E a día de hoxe non existe certeza de que vaia proseguirse por esa vía (de feito non aparece esta actuación no cadro resume dos compromisos de gasto adquiridos pola Xunta de Galicia e anúnciase que non vai haber adquisición de novos compromisos). Pero tampouco aparecen recursos ordinarios dabondo no orzamento 2012 para facer fronte a esas actuacións.

Xa sabemos hoxe que o actual presidente da Xunta non vai inaugurar ningún centro de saúde de nova construción nesta lexislatura. E temémonos que os centros iniciados antes de marzo de 2013 estarán substancialmente por baixo dos prometidos.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



Grupo Parlamentario

Segue a manter o compromiso de construción nesta lexislatura dos  
54 centros de saúde e CAR incluídos no orzamento do ano 2010?

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2011

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Modesto Pose Mesura  
María Carmen Acuña do Campo  
Deputados e deputada do G.P. Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2011 18:40:04**

**Modesto Pose Mesura na data 08/11/2011 18:40:08**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 08/11/2011 18:40:18**





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Xoaquín Fernández Leiceaga, Modesto Pose Mesura e María José Caride Estévez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na páxina 136 do Informe Económico-Financeiro correspondente ao Orzamento da Xunta de Galicia do ano 2010 inclúese un cadro no que se recollen os proxectos de investimento con participación público-privada, cun importe total dos compromisos de gasto de 3.069,2 millóns de euros.

Nestes proxectos non aparecen nin a construción dun novo Hospital en Pontevedra nin a construción de 18 centros de saúde. Que, non obstante, a Consellaría de Sanidade en diversos foros, incluído o mesmo Parlamento, así como na Memoria de Obxectivos e Programas que forma parte do Orzamento 2012 da Xunta de Galicia, si se compromete a licitar no vindeiro exercicio (2012).

Porén, nesa mesma páxina 136 citada establécese textualmente que “No ano 2012 non está previsto dispor máis gasto a través destas fórmulas, polo que o importe comprometido ao final do ano 2012 será de 3043,6 millóns de euros”.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta dirixida á Sra. conselleira de Facenda, para a súa resposta oral en Pleno:

Renunciou a Xunta de Galicia á licitación polo procedemento público/privado neste ano 2012 ás dúas infraestruturas citadas?

Parlamento de Galicia, 7 de novembro de 2011

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Modesto Pose Mesura  
María José Caride Estévez



Grupo Parlamentario

## Deputados e deputada do G.P. Socialista

.....  
**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2011 18:49:20**

**Modesto Pose Mesura na data 08/11/2011 18:49:24**

.....  
**María José Caride Estévez na data 08/11/2011 18:49:27**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Xoaquín Fernández Leiceaga e Luis Toxo Ramallo**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Na coñecida como Praza do Matadoiro en Santiago de Compostela atópase un edificio municipal, cedido á Xunta de Galicia por medio dun convenio de longa duración que remata proximamente, a Casa da Xuventude, que alberga servizos administrativos.

Este edificio, de valor arquitectónico discutible, pecha o acceso ao Parque de Belvís desde un dos lugares máis transitados de Santiago de Compostela, a Porta do Camiño.

Xa desde o ano 2000 o Concello de Santiago fixo xestións para recuperar o uso do edificio, sen que fose posible ata o momento.

Sería, sen dúbida, unha boa nova para Santiago resolver a conexión entre ese lugar central de entrada no Casco Histórico entre murallas e o novo Parque de Belvís, facilitando ademais a conexión vía teleférico coa Cidade da Cultura. Para isto é bo que o Concello de Santiago recupere a capacidade de xestionar o inmovible.

Por iso os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que previsións manexa a Xunta de Galicia sobre o futuro da chamada Casa da Xuventude en Santiago de Compostela?

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2011

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Luis Toxo Ramallo  
Deputados do G.P. Socialista



Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2011 18:53:40**

**Luis María Tojo Ramallo na data 08/11/2011 18:53:45**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**María do Carme Adán Villamarín e Alfredo Suárez Canal**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O profesorado galego que se presenta como candidato ou candidata ás eleccións xerais de novembro de 2011, de acordo co artigo 13.5 do Real Decreto 605/1999, de 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais, ten dereito ao permiso laboral correspondente durante o tempo de duración da campaña electoral.

A Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, por segunda vez na historia democrática de Galiza, négase a nomear profesorado substituto para cubrir ditos permisos. Esta medida é unha falta de respecto aos procesos democráticos e á participación nos mesmos do profesorado galego. Asemade, esta decisión pon en perigo o normal desenvolvemento da vida dos centros. Desde o grupo parlamentar do BNG non podemos entender nin compartir que o Goberno galego tome unha medida tan contraria á participación democrática do profesorado.

Por isto, formulamos a seguinte pregunta:

Que motivou a decisión de non cubrir as substitucións do profesorado que participa nas eleccións xerais do 20 de novembro de 2011?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2011.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Alfredo Suárez Canal

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme Adán Villamarín na data 09/11/2011 13:47:11**

**Alfredo Suárez Canal na data 09/11/2011 13:47:15**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo, Beatriz Sestayo Doce e Miguel Angel Fernández López**, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Recentemente a Consellería de Sanidade e o Goberno galego aprobaron o Decreto 209/2011, do 27 de outubro, o cal presenta unha Disposición adicional única para repercutir nos usuarios e usuarias os gastos ocasionados por estes, como consecuencia do uso irresponsable do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Pleno:

**Cal é o amparo legal ou sustento normativo para levar a efecto esta medida?**

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2011

Asdo.: Modesto Pose Mesura  
Carmen Acuña do Campo  
Beatriz Sestayo Doce  
Miguel Angel Fernández López  
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia


**Asinado dixitalmente por:**

**Modesto Pose Mesura na data 10/11/2011 9:52:34**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 10/11/2011 9:52:40**

**Beatriz Sestayo Doce na data 10/11/2011 9:52:46**



 Grupo Parlamentario

**Miguel Ángel Fernández López na data 10/11/2011 9:52:51**

-----  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
-----



## Á Mesa do Parlamento

**Pedro M. Arias Veira, Natalia Barros Sánchez, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Antonio A. Fraga Sánchez, Angeles Díaz Pardo, Cristina Romero Fernández e Alberto Sueiro Pastoriza,** deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno.**

A internacionalización achega ás empresas a posibilidade de aumentar o seu tamaño e acadar maiores economías de escala, acceder a recursos inaccesibles ou caros no seu mercado de orixe, conseguindo economías de localización, mellorar a notoriedade e diferenciación dos seus produtos e marcas, entrar en contacto con consumidores máis exixentes e competidores máis eficientes que estimulan a súa innovación e desenvolvemento tecnolóxico e, en definitiva, mellorar a súa eficiencia económica e a capacidade competitiva.

Mediante un modelo facilitador de información, servizos directos nos principais mercados internacionais, financiamento ás empresas para a súa entrada neles, formación e especialización de recursos humanos, o Goberno galego aposta pola internacionalización das nosas empresas.

Unha aposta que se plasma no Plan re-Forza, no Plan Estratéxico 2010-2014, en iniciativas de diferentes departamentos da Xunta de Galicia e no diálogo social cos axentes sociais. En todos os casos, a internacionalización empresarial constitúe en si mesma un obxectivo estratéxico para Galicia, cara ao que se dispoñen recursos humanos e orzamentarios moi importantes para acadar o salto de calidade das nosas empresas nos mercados exteriores.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

¿En qué medida o incremento presupostario adicado a internacionalización empresarial está a xerar efectos concretos na economía produtiva de Galicia?

Santiago de Compostela, 10 de Novembro de 2011

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 10/11/2011 18:17:53**

**Natalia Barros Sánchez na data 10/11/2011 18:18:00**

**Daniel Luis Varela Suancez-Carpegna na data 10/11/2011 18:18:06**

**Antonio Fraga Sánchez na data 10/11/2011 18:18:15**

**Maria Angeles Díaz Pardo na data 10/11/2011 18:18:21**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 10/11/2011 18:18:26**

**Alberto Sueiro Pastoriza na data 10/11/2011 18:18:35**

## Á Mesa do Parlamento

Miguel A. Santalices Vieira, Rosa Oubiña Solla, Dámaso López Rodríguez, Ángeles Díaz Pardo, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, e María Seoane Romero, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

### Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de asinar o convenio anunciado no mes de xullo, xa que estaba previsto o inicio dos proxectos neste exercicio, e o seu financiamento corresponde ao Fondo tecnolóxico do período 2007-2013, polo que se non se asina corremos o risco de retrasalos.

A reforma integral dos hospitais é unha das apostas importantes do actual Goberno da nosa Comunidade Autónoma.

Un dos hospitais máis necesitados desa reforma á o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

A súa reforma sería posible gracias ao convenio que estaba previsto se asinara estes días entre a Consellería de Sanidade e o Ministerio de Innovación e Tecnoloxía.

Por isto se pregunta:

Cales son os motivos polos que aínda non se asinaron os convenios entre a Consellería de Sanidade e o Ministerio de Ciencia e Innovación, anunciados no mes de xullo?



grupo  
parlamentario  
de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/11/2011 12:55  
Nº Rexistro: 73569  
Data envío: 10/11/2011 12:55:49.656

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2011

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 10/11/2011 12:54:31**

**Rosa Oubiña Solla na data 10/11/2011 12:54:39**

**Dámaso López Rodríguez na data 10/11/2011 12:54:45**

**Maria Angeles Díaz Pardo na data 10/11/2011 12:54:51**

**Marta Rodríguez Arias na data 10/11/2011 12:54:57**

**Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 10/11/2011 12:55:00**

**María Seoane Romero na data 10/11/2011 12:55:03**

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA  
Rúa do Hórreo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 519  
F. 981 551 422  
ce.parlamentariopopular@xg.es  
www.parlamentariopopular.es



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Modesto Pose Mesura**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

**A urxencia vén motivada en base a alarma social provocada pola medida nos colectivos afectados pola limitación de dereitos de asistencia sanitaria.**

Por todo o exposto anteriormente, o deputado asinante formula a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:


**Cal é a razón para que poñan impedimentos para o acceso a asistencia sanitaria das persoas sen recursos?**

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2011

Asdo.: Modesto Pose Mesura  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Modesto Pose Mesura na data 14/11/2011 16:17:42**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/11/2011 17:47  
Nº Rexistro: 73726  
Data envío: 14/11/2011 17:47:35.747

## Á Mesa do Parlamento

**Carlos Aymerich Cano**, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 29 de Xaneiro do 2002, formula a seguinte **PERGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Que balanço realiza a Xunta das relacións co Estado?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2011.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano  
Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 14/11/2011 17:47:02**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

.....  
Partido dos Socialistas de Galicia  
.....  
**Manuel Vázquez Fernández**, presidente do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e normas complementarias do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Cal é a valoración do Sr. presidente da Xunta de Galicia sobre a defensa dos servizos públicos?

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2011

Asdo.: Manuel Vázquez Fernández  
Presidente do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Vázquez Fernández na data 14/11/2011 17:48:45**

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
    - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
    - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
    - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
  2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
    - 2.1 INVESTIDURA
    - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
    - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
  3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
    - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
    - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
    - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
    - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
    - 3.5 MOCIÓNS
    - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
      - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
      - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
    - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
    - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
  4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
    - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
    - 4.2 INTERPELACIÓNS
    - 4.3 PREGUNTAS
    - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
    - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
  5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
    - 5.1 SOLICITUDE O GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
    - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
    - 5.3 VALEDOR DO POBO
    - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
    - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
  6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
    - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
    - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
    - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
    - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
    - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
    - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
    - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
    - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
    - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
    - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
    - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
  7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
    - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
    - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
    - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
  8. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA
    - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
    - 8.2 PERSOAL
    - 8.3 ACTIVIDADES
  9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
    - 9.1 INFORMACIÓNS
    - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-





## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727